


**INFORME TÉCNICO RELATIVO Á OFERTA PRESENTADA POR SERVICIOS Y
MATERIALES SA, AO PROCEDIMENTO ABERTO DA XESTIÓN DO SERVIZO
DAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS DE CONXO E FONTIÑAS
CON/105/2012.**

Santiago de Compostela, 12 de abril de 2016



D^a Margarita Vázquez Teo, con DN 44.808.276-K e Susana Papín Fernández, con DNI 79.320.489-K,

De conformidade co acordado pola Mesa de Contratación da Xestión do Servizo das **Escolas Infantís Municipais de Conxo e Fontiñas** na súa 1^o e 2^a reunión celebrada o 11/02/2017 e o 17/03/2016, respectivamente, acórdase encomendarnos a realización do informe valorativo da oferta presentada pola empresa SERVICIOS Y MATERIALES SL, en execución da sentenza do TSXG de data do 23/10/2015.

O xoves 31 de marzo de 2016, recóllese -previa notificación por correo electrónico ao Servizo de Contratación (do que se achega copia)- a documentación facilitada por este servizo municipal e que tiña que ser obxecto da nosa valoración e que se correspondería, seguindo as instrucións verbais da Secretaria da Mesa de Contratación, coa documentación do **SOBRE Nº 2** Subtitulado: Proposición relativa aos criterios de adxudicación NON avaliábles mediante cifras ou porcentaxes para a licitación, mediante procedemento aberto, da contratación de **Xestión do servizo das escolas infantís municipais de CONXO e FONTIÑAS CON/105/2012**, e co **SOBRE Nº 3** Subtitulado: Proposición económica e oferta relativa aos criterios de adxudicación avaliábles mediante cifras ou porcentaxes para a licitación, mediante procedemento aberto, da contratación de **Xestión do Servizo das escolas infantís municipais de CONXO e FONTIÑAS CON/105/2012**. Acompáñase a este informe unha das dúas copias da documentación facilitada polos servizos de contratación, deixando constancia de que:

- 1- A documentación figura cunha ordenación correlativa que comeza do 224/1969 ata 348/1969
- 2- A documentación que correspondería co SOBRE Nº 3 non estaba en sobre pechado

Vista a normativa aplicable referida á etapa educativa de Educación Infantil (1^o ciclo):

- Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito da asociación
- Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización Lingüística.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, das bases de réxime local
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia
- Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais
- Lei 3/2011, do 30n de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.



- Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria.
- Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia.
- Decreto 124/2007, do 28 de xuño, polo que se regula o uso e a promoción do galego no sistema educativo.
- Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.
- Decreto 29/2011, do 7 de decembro, de atención á diversidade
- Orde do 22 de xullo de 1997, pola que se regulan determinados aspectos da organización e funcionamento das escolas de educación infantil, dos colexios de educación primaria e dos colexios de educación infantil e primaria.
- Orde do 25 de xuño de 2009, polo que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do 2º ciclo de educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 14 de febreiro de 2013, pola que se regula o procedemento de adxudicación de prazas nas escolas infantís 0-3 dependentes desta Consellería.
- Regulamento da Escola Infantil Municipal de Conxo, publicado no BOP de A Coruña do 11 de agosto de 2004.
- Resolución do 9 de marzo, da Dirección Xeral de Traballo, pola que se rexistra e publica o XI Convenio colectivo de ámbito estatal de centros de asistencia e educación infantil. Publicado no BOE o 22 de marzo de 2010.

Visto o "Prego de prescricións técnicas para a contratación da xestión do servizo público das Escolas Infantís Municipais de Conxo e Fontiñas" e o "Prego de Cláusulas administrativas particulares para a contratación, mediante procedemento aberto da xestión do servizo das Escolas Infantís de Conxo e Fontiñas", aprobados pola Xunta de Goberno da cidade de Santiago na sesión celebrada o 24 de xaneiro de 2013.

Vista e analizada de xeito minuciosa¹ a documentación presentada no sobre número 2 e 3 polo licitador, resulta que:

- 1- A oferta recolle nun documento numerado de 60 páxinas, un Proxecto Educativo e de Xestión, que se solicita con carácter obrigatorio, coa seguinte estrutura e epígrafes:

¹ Achégase o calendario de traballo no que se especifican os días, os horarios, o número total de horas e tarefas e xestións realizadas para a elaboración do informe solicitado.



I. Análise do contexto.

a. Características do centro.

Titularidade e financiamento.
Número de unidades.
Situación xeográfica.
Descrición breve das instalacións.
Servizos que se ofrecen. Desenvolvemento e aspectos educativos dos mesmos.
Proxección social do centro na zona.
Recursos e materiais.
Calendario e organización do horario.

b. Características do alumnado.

Número de alumnas e alumnos, idades e agrupamentos.
Tipo de relacións entre o alumnado.
Nenos e nenas con necesidades educativas especiais: como se integran, apoios cos que se conta.
Procedementos de información ás familias.

c. Características do persoal que traballará no centro.

Número e funcións.
Formación e mecanismos de formación do persoal.
Forma de traballar, distribución das tarefas, mecanismos de información entre o persoal.

d. Características do contorno.


Situación.
Características socioculturais, sociolingüísticas e económicas.
Lingua empregada.
Servizos que nos ofrecen para os nenos e as nenas.
Relacións que mantén a escola cos recursos do contorno e con outros centros.
Como se traballa cos nenos e nenas o coñecemento do contorno social e natural.

II. Definición da escola.

Confesionalidade da escola.
Lingua de aprendizaxe. Normalización lingüística
Liña metodolóxica e criterios de avaliación
Coeducación: a educación para a igualdade.
Relación coas familias e colaboración cos pais e nais.

III. Obxectivos.

Pedagóxicos
Administrativos
Organizativos.
Institucionais.
Lingüísticos.



IV. Estrutura organizativa.

Organización do centro para o logro dos obxectivos.

Órganos unipersoais e colexiados.
Asignación de educadores aos grupos.
Número de educadores por grupo.
A dimensión do grupo.
A composición do grupo.
A titoría na escola infantil.
A utilización dos espazos escolares.
O equipamento e os recursos necesarios para a execución da oferta presentada

2- O licitador achega:

- a) Un documento dunha páxina denominado "Proposición Económica", de acordo co Anexo I do PCA "modelo de proposición económica".
- b) Un documento dunha páxina, que correspondería á proxección económica e orzamentaria na que se demostre a viabilidade económica do proxecto, de acordo coa estrutura e epígrafes detallados na cláusula 9 do PT.
- c) Un documento, non paxinado, titulado "MELLORAS PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DAS ESCOLAS INFANTÍIS MUNICIPAIS DE CONXO E FONTIÑAS", no que se recolle o seguinte índice, que reproducimos literalmente:

"ÍNDICE

- PERSOAL NUN Nº SUPERIOR A RATIO ESTABLECIDA NO PREGO
- MEDIOS MATERIAIS
- PROGRAMAS EDUCATIVOS
 - PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE
 - PROGRAMAS DE COMEDOR E NUTRICIÓN
- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS PARA A CONCILIACIÓN
 - ACTIVIDADES DO 2º CICLO
 - ACTIVIDADES DO 2º CICLO
- PROXECCIÓN ECONÓMICA E ORZAMENTARIA"

Respecto desta documentación, que se correspondería, co SOBRE 3 damos traslado Á MESA DE CONTRATACIÓN, para a súa toma en consideración, do seguinte aspecto: na documentación facilitada polos servizos de contratación (que figura cunha ordenación correlativa nunha primeira páxina: "291/1969 ata 348/1969") e que serviu de base para a elaboración do presente informe, non está asinada a partir da referencia 294/1969 e, o índice que figura na referencia 295/1969, tampouco está. Tendo en conta que - de acordo co PCT



(pax.12 e 13)-" ... dita documentación deberá estar subscrita na súa totalidade polo licitador, ou ir acompañada dunha relación dos documentos que a integran asinada polo licitador, na que declare, baixo a súa responsabilidade, ser certos os datos achegados. O incumprimento deste requerimento será motivo de exclusión da licitación (...)"

Advertida esta situación enviamos dous correos electrónicos ao servizo de Contratación o 11.04.16 (dos que se achega copia) co obxectivo de:

- 1- Clarificación do termo "subscrita".
- 2- Solicitar unha comprobación do cumprimento deste aspecto no expediente orixinal depositado no servizo de Contratación, xa que a documentación fotocopiada - da que xa fixemos referencia - e sobre a que elaboramos o informe, non figura o documento co índice asinado nin as follas están asinadas, a partir da referencia 294/1969.

O 12.04.16 acúdense ao servizo de contratación e a secretaria da Mesa de Contratación procede a comprobación do expediente.

2- Acordamos, como tandem técnico:

3.1 Unha metodoloxía de análise e valoración do Proxecto Educativo e de Xestión presentado, cunha lectura individual de cada un dos apartados, recollendo neste documento, os aspectos relevantes que son obxecto de valoración, de acordo coa normativa legal aplicable á etapa educativa de educación infantil (1º ciclo)-e que se recolle neste informe- e ás preinscricións técnicas. Queremos deixar constancia das dificultades e das limitacións que se poden producir a hora de valorar unha proposta, con carácter aillado e sen comparar cos proxectos presentados á licitación, e que foron obxecto no seu momento de valoración por outra Técnica da Deputación da Coruña. E, en consecuencia, realizar unha correcta valoración, tendo en conta que o PCA (páx. 5) establece no apartado 10.3 "Criterios de adjudicación: 1- Mellor proxecto educativo e de xestión presentado: De 0 a 30 puntos". Polo exposto, trasladámoslle a MESA DE CONTRATACIÓN, para a súa toma en consideración.

3.2 Unha metodoloxía de análise e de recollida da oferta económica e das melloras presentadas polo Licitador, non podendo realizar a súa valoración, mediante cifras ou porcentaxes, en primeira instancia, xa que os criterios establecidos no PCA, están condicionados a todas as ofertas presentadas, ao establecer que:



3.2.1 "Outorgarase a máxima puntuación a oferta economicamente máis favorable para o Concello, valorándose as restantes de xeito inversamente proporcional, de acordo co sinalado no párafo seguinte.

As empresas clasificaranse inicialmente por orden de mellor a peor, seguindo o "criterio máis baixo da oferta. Obtido o orde de prelación de tódalas ofertas segundo este criterio, outorgarase a máxima puntuación de 20 puntos á oferta máis baixa e aplicarase ao resto das ofertas a seguinte fórmula para calcular a súa puntuación:

$$P_n = (PM \times Ob) / on"$$

3.2.2 Melloras:

- "Persoal nun número superior á ratio establecido no Prego. Valorarase o maior número de horas de traballo do persoal en función da categoría persoal, outorgándosele ademais a maior puntuación á oferta que comprometa un maior número de horas de traballo e valorando os restantes de xeito proporcional."

- "Medios materiais: (...) O criterio obxectivo que se valorará será o custe total que se oferte, derivado dos parciais que se indiquen para cada tipoloxía (...). Este criterio valorarase de xeito que á maior contía ofertada outorgáraselle a puntuación máxima e ás restantes adxudicáraselles as puntuacións de xeito proporcional".


- "Atención ás especiais características que concorren na prestación no servizo de educación infantil, valorarase aqueles programas educativos que as empresas concorrentes propoñan como reforzo do proxecto educativo da escola, isto é:

Plan de atención á diversidade: 1'5 puntos.

Programa de comedor e nutrición: 2'5 puntos

En todos os casos, para a súa valoración, terase en conta aquelas melloras que se expliciten de xeito razoado e concreto."

- "Pola súa incidencia na conciliación na vida familiar, laboral e persoal valorarase así mesmo as actividades complementarias referidas á poboación



escolarizada e ás súas familias, así como a integración no territorio, consonte coas orientacións psicopedagóxicas deste ciclo educativo, isto é:

- Obradoiro para nenos e nenas de 2º ciclo de educación infantil: 0,5 puntos por cada obradoiro ata un máximo de 3 puntos.
- Actividade os sábados: 0,25 puntos ata un máximo de 1 punto."

Tendo en conta o labor encomendada pola MESA DE CONTRATACIÓN, redáctase o presente informe polas técnicas que o subscriben, sometendo en todo a outra valoración mellor fundamentada técnica e xuridicamente- coa seguinte estrutura:

I – ANÁLISE E VALORACIÓN DO PROXECTO Educativo e de Xestión presentado polo licitador, recollendo nunha táboa a valoración cuantitativa, só dos apartados puntuables, de acordo co PCT.

II- REBAIXA DO IMPORTE DA ACHEGA MUNICIPAL presentada polo Licitador.



III- MELLORAS presentadas polo Licitador con respecto aos seguintes apartados:

3.1 PERSOAL NUN NÚMERO SUPERIOR Á RATIO ESTABLECIDA NO PREGO

3.2 MEDIOS MATERIAIS.

3.3 PROGRAMAS EDUCATIVOS COMO REFORZO DO PROXECTO EDUCATIVO.

3.4 ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS NA CONCILIACIÓN DA VIDA FAMILIAR, LABORAL E PERSOAL.



I. ANÁLISE DO PROXECTO EDUCATIVO E DE XESTIÓN

OFERTA PRESENTADA POR SERVICIOS Y MATERIALES, SA

A empresa Servicios y Materiales, SA presenta unha estrutura no que se recollen todos os apartados establecidos no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares para a contratación mediante procedemento aberto da xestión do servizo das Escolas Infantís Municipais de Conxo e das Fontiñas (en adiante PCA) e o Prego Técnico que rexe a xestión do Servizo das Escolas Infantís Municipais de Conxo e das Fontiñas (en adiante PT)

I. ANÁLISE DO CONTEXTO

A) Características do centro

Titularidade e financiamento

O licitador describe ambos aspectos cinguíndose ao PT e PCA.

Número de unidades

De acordo co PT presentan nun cadro o número de unidades, a ratio de prazas de cada una e a organización por idades. Establecendo un total de 61 prazas a xornada completa, por cada unha das escolas.

Situación xeográfica

Localiza xeograficamente as escolas infantís, mencionando o barrio no que se ubican.

Descrición breve das instalacións

Ofrece unha descrición xeral das distintas instalacións das escolas. Non fai referencia aos datos de superficie, dimensións e outros datos de interese.

Servizos que ofrecen. Desenvolvemento e aspectos educativos dos mesmos

Establece e define os aspectos educativos dos 5 servizos que propón: "servizo de comedor" (almorzo, xantar e merenda), "atención para os nenos que non comen na escola", "servizo sesta", "biblioteca" e "escola de Pais e Nais". No caso do sexto servizo: "Obradoiros para nenos de 2º ciclo (ver melloras)" o licitador non o describe.

Proxección social do centro na zona


Recolle que as escolas infantís se implicarán na vida da zona, citando propostas tales como: celebración de festas, saídas, participación social, pequenas exposicións dos traballos dos nenos/as, e de apertura á contorna, coa programación de actividades e saídas que promovan o coñecemento dos servizos, das infraestruturas e dos monumentos do Concello.

Recursos e materiais

A empresa indica que se adaptará ao equipamento xa presente na escola (Anexo I do PT) mellorando sempre que sexa necesario o equipamento existente.

Calendario e organización do horario

Establece que as escolas infantís municipais prestarán os seus servizos de acordo co establecido no Regulamento de Réxime Interno. Especifica horarios, propón un modelo de horario xeral por aula, dende ás 7,30 ata ás 20,30h, detallando as actividades diarias que se fan ao longo da xornada e a súa xustificación educativa. Favorece a flexibilidade e propón unha medida de coordinación entre as tres escolas infantís municipais nos períodos de servizos mínimos, coa finalidade de favorecer o proceso de conciliación e a optimización dos recursos.



B) Características do alumnado

Número de alumnas e alumnos, idades e agrupamentos

A proposta recolle para cada unha das escolas un cadro co número de alumnos/as por aula, idades e un agrupamento con carácter xeral. Indica que dito agrupamento non é algo estático, xa que son "moitas as variantes de organización e que estas deben de axustarse ao tipo de actividade a organizar e os fins perseguidos".

Tipo de relacións entre o alumnado

Destaca a importancia das relacións entre o alumnado e recolle actividades que poñen en relevancia dita relación: actividades conxuntas de carácter internivelar, visitas a todas as dependencias do centro, festas e saldas, que supoñen convivencias non só entre os nenos/as senon de toda a comunidade educativa. ~~Suxire que as interaccións precisan ser avaliadas, establecendo catro campos de actuación que compre avaliar.~~

Nenos e nenas con necesidades educativas especiais: como se integran, apoios cos que se conta

Cómpre destacar que o plantexamento e o tratamento do licitador para dar resposta a este apartado é detallado, completo e ben contextualizado. Define que entende por nenos/as con necesidades educativas especiais e detalla amplamente as medidas e apoios cos que contarán para integrar e normalizar a escolarización dos menores.

Procedementos de información ás familias

Amparándose no decreto 330/2009, do 4 de xuño, no que se establece o currículo para a educación infantil na nosa comunidade, o licitador resalta a imprescindible implicación da familia no proceso educativo e a responsabilidade do equipo docente de procurar ditas situacións. Recollen as canles de comunicacións establecidos no PT, ademáis de folletos informativos, carteis, circulares, taboleiros de aula, entre outros. Non fai referencia, neste apartado, nin ao caderno de seguemento ou folla diaria, nin a promoción doutras formas de participación dos pais e nais recollidos no PT.

C. Características do persoal que traballará no centro

Número e funcións


A proposta recolle, de acordo co PT, o número de persoal pero non especifica as funcións para cada un deles. Neste apartado sinala que subrogará o persoal que traballa na actualidade nas escolas infantís de Conxo e Fontiñas.

Formación e mecanismos de formación do persoal

O licitador fai referencia a formación que se esixe ao persoal en cumprimento da normativa vixente e de acordó co PT. Recolle un plan de formación anual do persoal, solicitando o seu compromiso na realización dun mínimo de cursos de formación. Así mesmo, dende a empresa, promoveranse xomadas de encontro entre profesionais das diferentes escolas infantís, tanto do Concello de Santiago como doutros municipios.

Forma de traballar, distribución das tarefas, mecanismos de información entre o persoal

A proposta presenta unha estrutura por departamentos; "departamento psicopedagóxico de calidade e atención ás familias", "departamento de programación" e "departamento de coordinación intercentros", pero non recolle as funcións nin a distribución das tarefas do persoal. Establece as reunións como metodoloxía de traballo e a coordinación entre a empresa e o Concello, a través da Coordinadora Pedagóxica. Propón ademáis o traballo en coordinación con outras escolas infantís, compartindo recursos. Como mecanismos de información e de vínculo, establecen as reunións periódicas, facendo referencia a que disporán dun "recuncho do equipo docente", como espazo de encontro e de traballo, dotado dun taboleiro. Esta oferta recolle un plan de traballo referida a programación por trimestres, cos seus contidos, organización semanal, as unidades didácticas e os



conceptos a traballar por aulas. Non recolle unha relación detallada e individualizada das tarefas a realizar polo persoal das escolas

D. Características do contorno

Situación

Cun carácter moi xeral, indica onde están ubicados os barrios nos que se localizan as escolas infantís de Conxo e Fontiñas con respecto á cidade.

Características socioculturais, sociolingüísticas e económicas

Cun carácter moi xeral, recolle as características económicas de Santiago.

Lingua empregada

Cun carácter moi xeral, sinala as diferentes normativas vixentes nas que se fai referencia ao uso do galego, sen entrar a especificar a lingua empregada na contorna máis próxima á escola.

Servizos que nos ofrecen para os nenos e as nenas

Cun carácter moi xeral, fai referencia a que o Concello dispón dunha oferta de servizos educativos, sen describir os seus recursos nin a programación existente.

Relacións que mantén a escola cos recursos do contorno e con outros centros

Define a escola como axente social, propón as saídas como mecanismos de relacións cos recursos da contorna (colexios, centro de maiores, centros de interese da cidade). Fai referencia as relacións establecidas con outras asociacións como "Síndrome de Down", ONCE ou recursos como os servizos sociais, servizo de Atención Temperá e a Escola Municipal de Música.

Como se traballa cos nenos e nenas o coñecemento do contorno social e natural

Tomando como referencia a programación xeral da escola describe tres programas educativos: "programa de arte e patrimonio"; "Fauna/flora/horta e natureza", e "Educación Viaria".

II. DEFINICIÓN DA ESCOLA

Aconfesionalidade da escola

Define a escola con carácter aconfesional e respetuoso con toda as crenzas.

Lingua de aprendizaxe. Normalización lingüística

Esta porposta fai referencia ao o marco legislativo, establece que o galego será a lingua empregada no centro, tendente a normalización do mesmo. Propoñen un programa de dinamización dirixido á promoción da lingua galega, indicando obxectivos e actividades. Sinalan ademais un proxecto de aula "Expreso o meu mundo" e introducen unha terceira lingua, o inglés.

Liña metodolóxica e criterios de avaliación

Recolle amplamente os principios metodolóxicos que definen o modelo educativo da escola. Con respecto da avaliación sinalan con carácter xeral, será unha avaliación formativa, global e continua.

Coeducación: a educación para a igualdade

Promoverán a educación para a igualdade mediante o xogo como estratexia metodolóxica, prestando especial atención a selección dos materiais, xogos e contos. Promoverán ademais, a implicación das familias neste proceso a través de charlas e a elaboración de recomendacións sobre esta temática. Fan referencia ao plan de atención a diversidade do que disporá o centro, incluíndo a coeducación como eixe transversal.



Relación coas familias e colaboración cos pais e nais

Propoñen unha escola de portas abertas cunha participación activa e organizada das familias. Destacan a importancia do papel deste axente no proceso educativo dos nenos e nenas. Distinguen dúas vías de participación: a presencial (colaborando nas tarefas cotiás citando por exemplo: quitar e por o mandilón, sacar prendas de abrigo,..) e non presencial mediante circulares, buzón de suxerencias, entre outras.

III. OBXECTIVOS

Pedagóxicos

Recolle os obxectivos xerais da etapa de educación infantil de 0-3 anos, de acordo coas áreas de coñecemento establecidas na Lei orgánica 2/2006, 3 de maio, de Educación e no Decreto 330/2009, 4 de xuño, polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.

Administrativos

Propón a formulación de obxectivos vinculados coas tarefas administrativas propias dunha escola.

Organizativos

Define con carácter xeral os obxectivos organizativos das escolas.

Institucionais

Dos obxectivos formulados, só algúns atinxen o aspecto institucional.

Lingüísticos

Propón seis obxectivos requeridos para este apartado, orientado a normalizacións lingüística do galego.

IV. ESTRUCTURA ORGANIZATIVA

Órganos unipersoais e colexiados

Sinala como órgano unipersoal a dirección do centro e como órganos colexiados o Consello Escolar, o Claustro e, erróneamente a "ANPA", segundo o artigo 9 do Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria.

Asignación de educadores aos grupos

Recollen os criterios que segundo o licitador, interveñen na asignación dos educadores (preferencias, experiencia e criterios de conciliación persoal e familiar) e a distribución dos educadores/as estará recollida no Plan Anual.

Número de educadores por grupo

Indica que cada grupo estará atendido por unha educadora-titora e que contará co persoal de apoio, cumpríndose os ratios e requisitos específicos do persoal, establecidos no Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención a infancia.

A dimensión do grupo

Recolle nun cadro o número de unidades, as idades e a ratio, establecida pola normativa.

A composición do grupo

Para agrupar os nenos/as terase en conta o nivel madurativo e a súa idade, tendo en conta o criterio de homoxeneidade. Fai referencia a flexibilidade nas agrupacións e ilustra cun exemplo de creación dunha "aula mixta" na Escolas Infantil das Fontiñas.



A titoría na escola infantil

Recolle amplamente a relación de funcións da titoría, de acordo co Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria.

A utilización dos espazos escolares

Distingue dentro do centro, de forma xeral, os diferentes espazos existentes, destacando a importancia de crear un bo ambiente como recurso da intervención educativa.

O licitador fai referencia a unha escola que non se axusta a realidade das escolas infantís de Conxo e Fontiñas, ao indicar que "(...) contamos cunha situación privilexiada xa que falamos dunha escola infantil de nova creación e cunhas dimensións moi amplas".

O equipamento e os recursos necesarios para a execución da oferta presentada

Esta proposta cinguese só a un dos apartados dos recursos e materiais que se especifican no anexo I "relación de mobiliario e equipamento", non menciona ningún aspecto referido a conservación, reparación e reposición que se recolle no PT. Indica ademais, que "as familias non terán que aportar ningún material específico nin pagar ningunha cuota de material porque o licitador achegará: mandilón, uniforme, material de papelería, fichas, etc.". Fai referencia a tipoloxía de materiais a utilizar nas escolas.

Taboa coa valoración cuantitativa, só dos aspectos puntuables:



CRITERIOS NON AVALIBLES MEDIANTE CIFRAS		PUNTUACIÓN MÁXIMA	PUNTUACION
I. ANALISE DO CONTEXTO			
CARACTERÍSTICAS DO CENTRO Máximo 5 puntos	ESPECIALIZACIÓN DE SERVICIOS E SERVIZOS RELACIONADOS CON O SERVIZO EDUCATIVO	2,5	2
	CONVIVENCIA ENTRE O ALUMNADO	0,5	0,25
	CALEFACIÓ E CLIMATIZACIÓN DO EDIFICIO	2	1,5
	REDES DE ALUMNADO ENTRE O ALUMNADO	0,8	0,25
CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO Máximo 3,50 puntos	PERCENTUAL DE ALUMNOS CON INTERÉS POR O QUE SE FAZ O CURSO	2	2
	PERCENTUAL DE ALUMNOS CON INTERÉS POR O QUE SE FAZ O CURSO	1	0,5
CARACTERÍSTICAS DO PERSONAL QUE TRABALLA RAO CENTRO	FORMACIÓN DE ALUMNOS E FORMACIÓN DO PERSONAL	2	1,5
	FORMACIÓN DE ALUMNOS E FORMACIÓN DO PERSONAL	1,5	1,25
CAPACIDADES DO CENTRO Máximo 3 puntos	CENTRO QUE PROMOVA A PARTICIPACIÓN DE TODOS OS ALUMNOS	0,5	0,25
	ALUMNOS QUE PARTICIPAN EN ACTIVIDADES DE CONVIVENCIA CON O ALUMNADO	1,5	0,5
PUNTUACION		1	0,75
		15	11,15
II. DEFINIÇÃO DA ESCOLA			
CONFECCIONADO DA ESCOLA	PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN E INICIATIVAS	1	0,75
	PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN E INICIATIVAS	1	0,9
	PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN E INICIATIVAS	1	0,75
	PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN E INICIATIVAS	1	0,9
	PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN E INICIATIVAS	1	0,75
	PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN E INICIATIVAS	1	0,9
PUNTUACION		1	0,8
		5	4,1
III. OBXECTIVOS			
EDUCATIVOS	EDUCATIVOS	1	0,9
	EDUCATIVOS	1	0,75
	EDUCATIVOS	1	0,9
	EDUCATIVOS	1	0,5
	EDUCATIVOS	1	0,8
	EDUCATIVOS	1	0,8
PUNTUACION		5	3,65
IV. ESTRUCTURA ORGANIZATIVA			
ORGANIZACIÓN DO CENTRO PARA O LOGRO DOS OBXECTIVOS	ORGANIZACIÓN DO CENTRO PARA O LOGRO DOS OBXECTIVOS	0,5	0,4
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO PARA O LOGRO DOS OBXECTIVOS	0,5	0,5
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO PARA O LOGRO DOS OBXECTIVOS	2	1
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO PARA O LOGRO DOS OBXECTIVOS	2	1,5
PUNTUACION		5	3,4
	TOTAL PUNTUACION		22,3

II REBAIXA DO IMPORTE DA ACHEGA MUNICIPAL

Reprodúcese neste apartado o relativo a metodoloxía de análise:

3.3 Unha metodoloxía de análise e de recollida da oferta económica e das melloras presentadas polo Licitador, non podendo realizar a súa valoración, mediante cifras ou porcentaxes, en primeira instancia, xa que os criterios establecidos no PCA, están condicionados a todas as ofertas presentadas, ao establecer que:

3.3.1 "Outorgarase a máxima puntuación a oferta economicamente máis favorable para o Concello, valorándose as restantes de xeito inversamente proporcional, de acordo co sinalado no párafo seguinte.

As empresas clasificaranse inicialmente por orden de mellor a peor, seguindo o "criterio máis baixo da oferta. Obtido o orde de prelación de tódalas ofertas segundo este criterio, outorgarase a máxima puntuación de 20 puntos á oferta máis baixa e aplicarase ao resto das ofertas a seguinte fórmula para calcular a súa puntuación:

$$P_n = (PM \times Ob) / on"$$

3.3.2 Melloras:

- "Persoal nun número superior á ratio establecido no Prego. Valorarase o maior número de horas de traballo do persoal en función da categoría persoal, outorgándose ademais a maior puntuación á oferta que comprometa un maior número de horas de traballo e valorando os restantes de xeito proporcional."

- "Medios materiais: (...) O criterio obxectivo que se valorará será o custe total que se oferte, derivado dos parciais que se indiquen para cada tipoloxía (...). Este criterio valorarase de xeito que á maior contía ofertada outorgáraselle a puntuación máxima e ás restantes adjudicaráselles as puntuacións de xeito proporcional".

- "Atención ás especiais características que concorren na prestación no servizo de educación infantil, valoraranse aqueles programas educativos que as empresas concorrentes propoñan como reforzo do proxecto educativo da escola, isto é:

Plan de atención á diversidade: 1'5 puntos.

Programa de comedor e nutrición: 2'5 puntos

En todos os casos, para a súa valoración, terase en conta aquelas melloras que se expliciten de xeito razoado e concreto."

- "Pola súa incidencia na conciliación na vida familiar, laboral e persoal valorarase así mesmo as actividades complementarias referidas á poboación escolarizada e ás súas familias, así como a integración no territorio, consonte coas orientacións psicopedagóxicas deste ciclo educativo, isto é:



- Obradoiro para nenos e nenas de 2º ciclo de educación infantil: 0,5 puntos por cada obradorio ata un máximo de 3 puntos.

- Actividade os sábados: 0,25 puntos ata un máximo de 1 punto."

Datos da proposición económica presentada polo licitador:

LICITADOR	CANON ANUAL OFERTADO
SERVICIOS Y MATERIALES SA	388.779,21 €

Fonte: Elaboración propia a partir da Proposición Económica presentada polo licitador

III MELLORAS

3.1 PERSOAL NUN NÚMERO SUPERIOR Á RATIO ESTABLECIDA NO PREGO

CLASIFICACIÓN DO PERSOAL DE ACORDO CO XI CONVENIO COLECTIVO ESTATAL DE CENTROS DE ASISTENCIA E EDUCACIÓN INFANTIL	CATEGORÍA PROFESIONAL	HORAS DE DEDICACIÓN	VALORACIÓN ECONÓMICA
Grupo II. Personal de Aula	EDUCADORA (1)	19 horas/semana	8.235,97 €
Grupo III. Persoal de apoio	TRABALLADORA SOCIAL (1)	38 horas/semana	27.535,69 €
	PSICOPEDAGOGA (1)	6 horas/semana	4.830,00 €
	MÉDICO (1)	2 visitas anuais	800,00 €
	ENFERMEIRA (1)	4 visitas anuais	800,00 €
Grupo IV. Administración e servizos	LIMPEZA	4 horas/mes	900,00 €
	CRISTALERO	8 horas/mes	1.500,00 €
	MANTENIMIENTO	4 horas/mes	600,00 €
	JARDINERO	4 horas/mes	1.000,00 €

Fonte: Elaboración propia a partir do documento de melloras presentada polo licitador

3.2 MEDIOS MATERIAIS

LICITADOR	PREZO TOTAL
SERVICIOS Y MATERIALES SA	11.939,30 €

Fonte: Elaboración propia a partir do documento de melloras presentada polo licitador



3.3 PROGRAMAS EDUCATIVOS COMO REFORZO DO PROXECTO EDUCATIVO

LICITADOR	PROGRAMAS EDUCATIVOS		VALORACIÓN ECONÓMICA
	PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE (PAD)	PROGRAMA DE COMEDOR E NUTRICIÓN (PCN)	
SERVICIOS Y MATERIALES SA	Presenta un plan, cumprindo co establecido no PT	Presenta un programa; cumprindo co establecido no PT	SI 2.000,00 € (PAD) 2.500,00 € (PCN)


Fonte: Elaboración propia a partir do documento de melloras presentada polo licitador


3.4 ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS NA CONCILIACIÓN DA VIDA FAMILIAR, LABORAL E PERSOAL

LICITADOR	ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS					
	OBRADOIROS 2º CICLO			ACTIVIDADES OS SABADOS		
	OBRADOIROS PROPOSTOS	NÚMERO	VALORACIÓN ECONÓMICA	ACTIVIDADES	NÚMERO	VALORACIÓN ECONÓMICA
SERVICIOS Y MATERIALES SA	1. Arte 2. Cocinas do mundo 3. Manualidades 4. Historia 5. Astronomía 6. Técnicas de Relaxación 7. Obradoiros Vacacionais	7	9.800,00 €	1. Iniciación ao Deporte 2. A música e Movemento 3. Xogos Populares 4. Novas Tecnoloxías 5. Xogos por Recunchos 6. Actividades en Familias	6	9.500,00 €

Fonte: Elaboración propia a partir do documento de melloras presentada polo licitador

O que se ten a ben informar en Santiago de Compostela, 12 de abril de 2016.


Susana Papia Fernández
Técnico de Educación e Xuventude


Margarita Vázquez Teo
Técnico de Servizos sociais

ANEXO I: Calendario de traballo

DATA	HORARIO	LUGAR DE TRABALLO	TAREFAS, E XESTIÓNS
31-03-16 (venres)	De 8.00 h. ás 15.00 h (Total horas: 7 h)	SERVIZO DE CONTRATACIÓN	<ul style="list-style-type: none"> - Xuntanza coa Secretaria da mesa de Contratación, Sra. Rocio Montañés. - Lectura, estudo e posta en común dos Pregos de Condicións Administrativas e Técnicas. - Recopilación da normativa de aplicación
05.04.16 (martes)	De 8.00 h. ás 15.00 h. (Total horas: 7 h)	CASA DAS ASOCIACIÓNS DE SERVICIOS SOCIAIS	<ul style="list-style-type: none"> - Lectura, análise e valoración do Proxecto Educativo presentado polo Licitador: Apartado I e II - Iniciase a redacción do informe.
06.04.16 (mércores)	DE 8.00h. ás 15.00 h. (Total horas: 7 h)	CASA DAS ASOCIACIÓNS DE SERVICIOS SOCIAIS	<ul style="list-style-type: none"> - Lectura, análise e valoración do Proxecto Educativo presentado polo Licitador (II): Apartado III e IV. - Continuase coa redacción do informe, incluíndo os apartados III e IV.
08.04.16 (venres)	DE 8.00 H. ás 15,00 h. (Total horas: 7 h)	CASA DAS ASOCIACIÓNS DE SERVICIOS SOCIAIS	<ul style="list-style-type: none"> - Lectura e revisión da documentación referida á Oferta Económica e as Melloras (Sobre Nº 3).
09.04. 16 (sábado)	DE 8.00 H. ÁS 15,00 H DE 16.00 ÁS 21 H. (Total horas: 12 h)	DOMICILIO FAMILIAR	<ul style="list-style-type: none"> - Continúase coa redacción do informe incluíndo a parte da oferta económica e das melloras.
11.04. 16 (luns)	DE 8.00 h. ás 15,00 h. (Total hora: 7 h)	CASA DAS ASOCIACIÓNS DE SERVICIOS SOCIAIS	<ul style="list-style-type: none"> -Traslado por correo electrónico de consultas á secretaria da Mesa de Contratación. -Continúase coa redacción do informe.
12.04. 16 (martes)	DE 8.00 h. ás 14 h. (Total hora: 5 h)	SERVIZOS DE CONTRATACION CASA DAS ASOCIACIÓNS DE SERVICIOS SOCIAIS	<ul style="list-style-type: none"> - Xuntanza coa Secretaria da Mesa de Contratación. - Incorporación dos aspectos que foron motivo de consulta á secretaria da Mesa de Contratación. Finalización do informe.
13.04.16 (mércores)	DE 8.00 h. ás 9 h. (Total hora: 1 h)	CASA DAS ASOCIACIÓNS DE SERVICIOS SOCIAIS	<ul style="list-style-type: none"> - Preparación e envío por correo electrónico do infome técnico ao servizo de contratación, de acordo cós instrucións verbasi recibida da secretaria da Mesa de Contratación.
TOTAL: 53 HORAS: (das cales 12 fóra da xornada laboral)			

